



ACTA DE 2 DE MAIO DE 2019 DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO SOBRE A FORMALIZACIÓN DOS NOMEAMENTOS DE PERSOAL ESTATUTARIO EVENTUAL DE CONTINUIDADE NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
Mª José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.
Javier García Caeiro, - Xefe de Servizo de Relacións Laborais.
Silvia Negreira Vidal. - Xefa de Servizo de Recursos e Reclamacións.

Polas organizacións sindicais:

Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)
Ascensión Yeguas Sánchez (CESM-O'MEGA)
Javier Martínez Fente (UGT)
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
María Emma Rodríguez Corte (SATSE)
Ana Luisa López López (SATSE)

En Santiago de Compostela, as 12:30 horas do día 2 de maio de 2019, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde reúnese a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do apartado 10 da Resolución do 24 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro), coa asistencia das persoas á marxe relacionadas, co obxecto de analizar á posibilidade de mellora do modelo de nomeamento. Logo de realizadas as negociacións no seo da Comisión, as partes

asinantes acadan os seguintes criterios interpretativos que se recollen no presente

ACORDO

1.- Réxime xurídico.- Xornada de traballo.

1.1. Apartado oitavo 3 a) c) e d) do acordo (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro).

O persoal médico de familia vinculado mediante nomeamento estatutario eventual de continuidade está chamado a prestar servizos, pola propia natureza e finalidade dese nomeamento, nas unidades e/ou servizos de atención primaria, e debe realizar gardas nos Puntos de Atención Continuada (PACs) nos termos previstos no acordo.



Aínda que estes/as profesionais están amparados pola normativa básica en materia de tempo de traballo e descansos, e o Acordo xa establece certas garantías en canto á programación da súa actividade, as citadas peculiares condicións de traballo xustifican a incorporación dunha garantía adicional en materia de descansos:

1.- O persoal médico de familia con nomeamento eventual de continuidade para prestar servizos en unidades e/ou servizos de atención primaria, que realice unha garda de alomenos 17 horas nun Punto de Atención Continuada, terá dereito á libranza da xornada ordinaria inmediata que se inicie o mesmo día.

2.- Cando as necesidades asistenciais impidan esa libranza de carácter inmediato, esta farase efectiva con carácter xeral nos dez días seguintes á realización da garda.

1.2. Apartado oitavo 3 b) do acordo (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro).

Como mellora do establecido na base oitava 3.b) do acordo, procurarase que este persoal teña fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da carteleira.

1.3. Apartado oitavo 3 c) do acordo (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro).

Como criterio interpretativo do establecido no apartado oitavo 3 c) do acordo, procurarase a equidade na distribución das gardas en sábado, domingo e festivo.

2.- Estudo das necesidades de creación de prazas de estrutura.

A Base sétima do nomeamento estatutario eventual de continuidade, establece que "se a prestación dos servizos se estendese por un período acumulado de 12 ou máis meses nun período de dous anos, procederá o estudo das causas que o motivaron, para valorar, se é o caso, se procedese á creación de prazas estruturais".



Tendo xurdido dúbidas interpretativas respecto do establecido na mencionada base, procede concretar que, en relación coas prazas estruturais que se creen, a aplicación do réxime xurídico propio do nomeamento de continuidade en relación co ámbito territorial procederá previo tratamento na Comisión de Seguimento.

3.- Determinación dos ámbitos potenciais que poden abarcar os nomeamentos de continuidade.

No apartado 3.3 das Bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade se establece que "A comisión de seguimento do presente acordo determinará os ámbitos potenciais que, dentro de cada distrito, poderán abarcar os nomeamentos de continuidade".

Logo de aprobados no mes de febreiro os mapas de zonificación, acórdase manter os mesmos, e realizar a revisión dos ámbitos definidos no mes de setembro, tal e como se tiña pactado na Comisión de seguimento.

Polas organizacións sindicais:

CESM

CSIF

UGT

SATSE

Pola Administración:

Handwritten signatures in blue ink for the unions: CESM, CSIF, UGT, and SATSE. There are several overlapping signatures for each union.

Handwritten signature in blue ink for the Administration, consisting of a large, stylized initial 'S' followed by a horizontal line and a vertical line.